

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTA DE CANDIDATOS E CONTRATACIÓN APROL 2021

Expte: 2022/X999/000214

Con data 4 de maio de 2022 mediante Resolución da Xefatura territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, concédese ao Concello de Fene unha subvención co núm de Expte **TR351G 2022/000037-1**, por importe de **27.940,00** euros, equivalente ao 57,77% dos custos salariais totais para a contratación de persoal temporal de 2 peóns/peoas xardín a xornada completa e cunha duración de 9 meses para a obra/servizo obxecto da solicitude de Traballos de mantemento forestal.

Con data 24 de maio de 2022 a Xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade acorda ampliar o prazo para o inicio do período de contratación ata o día 01/07/2022.

Mediante a Resolución da alcaldía núm. 744/2022, do 27.05.2022, aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de dous traballadores/as (peóns/as de xardiñeiro/a), mediante oposición, para a realización da obra ou servizo denominado "Traballos de Mantemento Forestal", financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade (Aprol rural 2022), as cales foron publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Con data 30 de maio de 2022 o Concello de Fene presenta oferta xenérica ante o Servicio Público de Emprego de Galicia na oficina de emprego de Ferrol-Esteiro (12-2022-6045), de acordo co Art. 14 da Orde do 7 de xaneiro de 2022.

Con data 13 de xullo de 2021 o Servicio Público de Emprego de Galicia remite unha relación das persoas candidatas, para a selección definitiva, segundo o art. 14.7 da Orde do 7 de xaneiro de 2022.

Con data 13.06.2022 mediante resolución da alcaldía núm 834/2022, conforme ó disposto na base terceira, aprobaronse as listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal de selección publicou o resultado do mesmo o 20.06.2022 concedendo un prazo de un día hábil para a presentación das reclamacións que se estimaran oportunas.

Non habendo ningunha reclamación presentada e tendo en conta a acta do tribunal de selección do 20.06.2022, en uso das competencias atribuídas polo artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de conformidade coa base 6ª e 7ª das bases de selección e visto o informe da Interventora municipal núm 104/2022 de data 21.06.2022, esta alcaldía en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes lista de persoas aprobadas conforme á proposta do tribunal cualificador feita na acta do 20.06.2022:

Listaxe Prazas peóns xardinaría

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	PENA INSUA IVAN	9
2	QUINTIA CASTRO JORGE	8,6
3	GONZÁLEZ MARTÍNEZ ALEXANDER	6

SEGUNDO.- Requirir a Iván Pena Insúa e Jorge Quntía Castro para que, no prazo improrrogable de tres días hábiles, contados a partires da publicación do resultado da selección, presenten a seguinte documentación:

a) Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto de peón/a de xardiñeira

b) Copia da tarxeta sanitaria

c) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

d) Declaración responsable de non ter sido separado/a ou despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais ou órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de emprego ou cargo público por resolución xudicial.

e) Declaración responsable de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa contratación.

Se no prazo indicado ó/á aspirante non presenta a documentación requirida ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto”, procederase a requirir ó/á seguinte aspirante por orde de puntuación.

TERCEIRO.- Proceder á contratación, unha vez presentada a documentación requirida a Iván Pena Insúa e Jorge Quntía Castro persoal laboral temporal do Concello de Fene como peón xardiñeiro, para a realización da obra ou servizo denominado “Traballos de mantemento forestal”, durante 9 meses a xornada completa.

CUARTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que proceda a realizar os trámites necesarios para a formalización dos correspondentes contratos e altas na Seguridade Social.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución á intervención municipal.

SEXTO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. A tal efecto, poderase interpoñerse RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do Concello.

SÉTIMO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de edictos.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.